

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Directora xeral de Administración Local  
Praza Europa 5A, 4.º, Fontiñas  
15707 Santiago de Compostela

Prezada señora,

Desde a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) dirixímonos nesta ocasión a vostede para transmitirle a nosa preocupación pola escasa incidencia que están a ter na creación e consolidación de servizos de normalización lingüística as axudas que outorga anualmente ás entidades locais a Dirección Xeral de Administración Local, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Os datos que lle achegamos no documento anexo I son ben esclarecedores neste sentido: dos 41 concellos aos que se lles concedeu unha subvención neste ano 2007 para a creación dun servizo de normalización lingüística, só 26 crearon finalmente o servizo, dos que 19 volveron pechalo despois de 2-3 meses de actividade. As cifras falan por si mesmas e dan conta dunha realidade que consideramos que non beneficia en absoluto a planificación lingüística no eido municipal. Constátase a consolidación dos chamados “servizos gadiana”, creados ano tras ano ao abeiro de axudas autonómicas e que manteñen a súa actividade durante un período de tempo totalmente insuficiente para poder planificar e xestionar con éxito calquera tipo de labor normalizador.

Amais do breve período de duración dos SNL, outra cuestión non menos preocupante é a relacionada coa actividade á que se destinan boa parte destas axudas. En efecto, instalouse nun bo número de concellos a tendencia a acollerse ás citadas subvencións autonómicas co único ánimo de financiar durante 2-3 meses o salario dun profesional que traduza e corrixa lingüísticamente a documentación municipal. Segundo os datos facilitados polos propios técnicos/as de normalización lingüística, no 90% destes novos SNL as tarefas desenvolvidas foron exclusivamente de tradución e corrección de textos. Vinte anos despois da aprobación da Lei 5/1988, que obriga ás entidades locais a redactar en galego toda a súa documentación, consideramos que os obxectivos actuais da planificación lingüística no ámbito municipal, e polo tanto as funcións dos/as técnicos/as e dos servizos de normalización lingüística, deben ser outras, moito máis encamiñadas á dinamización lingüística e á intervención social.

Se ben é certo que a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Administración Local non son as responsábeis directas do financiamento, nin tampouco dos desacertos, da política lingüística que se desenvolve no ámbito municipal, cómpre pór en marcha medidas urxentes que

fomenten, coordinen e orienten este labor, coma o xa anunciado Consorcio para a Planificación Lingüística. Mentres este organismo non bota definitivamente a andar, desde a CTNL consideramos necesarias todo tipo de axudas que poidan incentivar a creación e mantemento de servizos de normalización lingüística, mais para conseguir que estas subvencións non se convertan nunha vía de financiamento estéril cómpre nun primeiro termo que a orde da convocatoria inclúa medidas de control que garantan o compromiso das entidades locais co obxectivo real das axudas.

Debido a que en xuño deste ano xa lle achegamos ao conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, con copia para a Dirección Xeral de Administración Local e para a Secretaría Xeral de Política Lingüística unha análise e propostas concretas relativas á Orde do 14 de maio de 2007 pola que se regula a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a normalización da lingua galega (*DOG* do 25 de maio de 2007), non imos repetilas aquí (achegamos novamente copia dese escrito como anexo II), mais non queremos deixar de subliñar dous aspectos que na nosa opinión urxe modificar, como é o feito de que se inclúen entre as tarefas que debe desenvolver o SNL a tradución de textos e documentos ou que as axudas para a creación e mantemento de servizos poden xustificarse na súa totalidade só co custo da contratación do/a técnico/a.

A CTNL, que como ben sabe está integrada na súa maior parte por técnicos/as de normalización lingüística, é a primeira interesada en que a Administración autonómica apoie economicamente a creación e o mantemento de SNL municipais, mais sempre e cando se esixa a garantía de que a entidade beneficiaria faga uso axeitado destas axudas e se comprometa coa continuidade e estabilidade do labor normalizador comezado.

Agardamos que as nosas reflexións e propostas, así coma os datos facilitados, lle sexan de utilidade no deseño de futuras iniciativas e quedamos ao seu dispor para calquera outra cuestión que vostede considere.

Atentamente,

Nel Vidal Barral  
Presidente da CTNL

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2007

## ANEXO I

Duración da actividade dos SNL municipais creados ao abeiro das subvencións concedidas pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no ano 2007

		DATA DE CREACIÓN DO SNL	DATA DE PECHE DO SNL (ou previsión)	DURACIÓN DA ACTIVIDADE
<b>A CORUÑA</b>	Aranga	setembro 2007	outubro 2007	2 meses
	Cee	setembro 2007	outubro 2008	1 ano
	A Coruña	outubro 2007	sen data de peche	indefinida
	A Laracha	setembro 2007	outubro 2008	1 ano
	Ortigueira	setembro 2007	outubro 2008	1 ano
	Santa Comba	outubro 2007	sen data de peche	indefinida
	Santiso	outubro 2007	outubro 2008	1 ano
	Toques	setembro 2007	outubro 2007	2 meses
<b>LUGO</b>	Barreiros	outubro 2007	outubro 2008	1 ano
	Castro de Rei	setembro 2007	outubro 2007	2 meses
	Chantada	setembro 2007	outubro 2007	2 meses
	Muras	setembro 2007	outubro 2007	2 meses
	Rábade	setembro 2007	outubro 2007	2 meses
<b>OURENSE</b>	Castro Caldelas	setembro 2007	outubro 2007	2 meses
	Maside	outubro 2007	decembro 2007	3 meses
	Montederramo	outubro 2007	novembro 2007	2 meses
	Nogueira de Ramuín	setembro 2007	outubro 2007	2 meses
	Ourense	outubro 2007	decembro 2007	3 meses
	Parada de Sil	setembro 2007	xaneiro 2008	4 meses
	Piñor	outubro 2007	decembro 2007	3 meses
	San Cibrao das Viñas	outubro 2007	outubro 2007	1 mes
	Toen	setembro 2007	outubro 2007	2 meses
<b>PONTEVEDRA</b>	Campo Lameiro	setembro 2007	outubro 2007	2 meses
	O Porriño	setembro 2007	outubro 2007	2 meses
	Tomíño	outubro 2007	outubro 2007	1 mes
	Vilanova de Arousa	setembro 2007	outubro 2007	2 meses
<b>Renunciaron á subvención:</b>		Carballeda de Avia, A Peroxa, Ribadavia, Rubiá, Foz, Pol, Ribas de Sil, Arzúa, Camariñas, Mugar dos, Oleiros, Ordes, Oroso, Sada e Valdoviño		
<b>Total de concellos aos que se lle concede subvención para a creación de SNL:</b>				41
<b>Total de concellos que crean o SNL:</b>				26
<b>Total de concellos que pechan o SNL despois de 2-3meses de actividade:</b>				19
<b>Total de concellos que teñen previsto manter o SNL en 2008:</b>				7

**Fonte:** datos facilitados polo Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG) do Consello da Cultura Galega. Data da consulta: novembro de 2007.

## ANEXO II

Nel Vidal Barral, con documento de identidade 52.930.089-M, como presidente da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), con CIF: G-15542897, con apartado de correos 771 de Santiago de Compostela, enderezo electrónico info@ctnl.org e teléfono 629 571 950, en nome e representación desta entidade,

### Expoño

- Que a CTNL é unha asociación de ámbito galego na que están agrupadas, entre outras moitas persoas, a gran maioría dos traballadores e das traballadoras de normalización lingüística das administracións locais de Galiza, e que ten entre os seus fins defender os intereses xerais dos/das traballadores/as de normalización lingüística, procurar a dignidade das condicións de traballo dos servizos lingüísticos e elaborar propostas para facer máis efectivo o traballo a prol da normalización da lingua galega.
- Que logo da publicación no DOG n.º 100 do 25 de maio de 2007 da Orde do 14 de maio pola que se regula a concesión de subvencións ás entidades locais para a normalización da lingua galega, a CTNL ten que expresar as seguintes consideracións:
  - 1) En primeiro lugar, desde a CTNL cremos que, en xeral, a convocatoria de subvencións ás entidades locais galegas para apoialas no desenvolvemento de accións para a normalización lingüística é, en principio, algo que temos que valorar como positivo.
  - 2) Que, en xeral, as funcións dos servizos de normalización lingüística galegos non están o suficientemente definidas, o que provoca que o perfil dos seus traballadores e das súas traballadoras tampouco o estean. Ante esta situación, a CTNL, en colaboración co Consello da Cultura Galega e coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, está a desenvolver un estudo integral sobre a situación real destes servizos, a partir do que se elaborará unha proposta de definición, outra para establecer o perfil dos seus traballadores e traballadoras e incluso un modelo de convocatoria para as prazas e contratacións desas traballadoras e traballadores.

De xeito previo a este estudo, unha comisión formada por técnicos e técnicas con longa experiencia na normalización lingüística en diferentes entidades e administracións elaborou unhas directrices xerais para a contratación de técnicos/as de normalización lingüística, que se recollen nun documento que se lles enviou, entre outras persoas e entidades, a todas as administracións locais do país a finais de 2006 e á Secretaría Xeral de Política Lingüística, e que lle achegamos xunto con este escrito e que leva por título *Recomendacións e*

*mínimos que deben cumprir as convocatorias de postos de traballo para os servizos lingüísticos das administracións públicas galegas.*

3) Que a Orde do 14 de maio de 2007 pola que se regula a concesión de subvencións ás entidades locais para a normalización da lingua galega (DOG do 25 de maio) non contempla a capacidade de intervención social dos SNL e imposibilita que as entidades locais poidan cumprir cos criterios mínimos sinalados nese documento de *Recomendacións e mínimos que deben cumprir as convocatorias de postos de traballo para os servizos lingüísticos das administracións públicas galegas*, nomeadamente polas razóns que a continuación comentamos co fin de achegar propostas que poden mellorar o proceso de normalización lingüística desde a administración local e, en definitiva, que poderán contribuir a que se poida desenvolver un traballo pola normalización da lingua galega no noso país o máis efectivo posíbel:

a) CON RESPECTO AO LABOR DOS SERVIZOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DAS ENTIDADES LOCAIS

- i. O obxectivo principal dos servizos de normalización lingüística debe ser o de incrementar o uso e prestixio da nosa lingua en todos os ámbitos do termo municipal –no caso dos concellos–, non só no seo da propia administración, cara a onde se enfocan e limitan as súas funcións no artigo 6.º da orde da convocatoria das subvencións.
- ii. En xeral, as funcións que deben ter os SNL, tanto internas como externas, son as seguintes, que distan dos labores sinalados nese artigo 6.º e que non se deben limitar ao ámbito interno como se sinala nas modalidades 3 e 4 do artigo 3.º da orde de convocatoria de subvencións:

1. Funcións xerais internas:

- a. Asesorar á administración en todo o relacionado coa política lingüística.
- b. Facer un seguimento do cumprimento da lexislación en materia lingüística por parte da institución e, polo tanto, velar para que se lles garantan os dereitos lingüísticos aos cidadáns e ás cidadás.
- c. Colaborar coa administración para determinar os perfís lingüísticos necesarios en cada un dos postos de traballo e colaborar nas probas e procesos selectivos para que se avalíen convenientemente os coñecementos lingüísticos por parte dos/as aspirantes.

2. Funcións de dinamización lingüística:

- a. Planificar, xestionar, executar e avaliar accións a prol da lingua galega no ámbito de influencia da entidade.

- b. Fomentar o uso do galego no ámbito socioeconómico e, en xeral, en todos os sectores de importancia para a súa repercusión social.
- c. Promover e coordinar redes de traballo para o fomento do uso do galego no ámbito asociativo, educativo, empresarial, etc., do termo municipal.
- d. Planificar e propoñer programas dinamizadores e actividades concretas que conciencien á sociedade respecto ao uso da lingua galega.

3. Funcións de formación (socio)lingüística:

- a. Planificar, xestionar, coordinar e difundir a realización de cursos de lingua galega, xerais e específicos, para a poboación en xeral ou para sectores concretos.
- b. Difundir entre a cidadanía materiais que contribúan á tarefa normalizadora: dereitos lingüísticos, lexislación, recursos lingüísticos, etc.
- c. Colaborar no deseño de programas de formación non lingüística para garantir a presenza do galego e de contidos favorábeis á mellora de actitudes lingüísticas.

4. Funcións de asesoramento lingüístico interno:

- a. Mellorar a calidade lingüística e comunicativa da administración.
  - b. Normalizar a imaxe lingüística e fixar criterios lingüísticos para a organización.
  - c. Resolver dúbidas lingüísticas.
- iii. Se a administración local e, polo tanto, os traballadores e as traballadoras da administración local, deben redactar os documentos en galego, a tradución non pode ser unha das funcións habituais dos SNL.
- iv. A corrección de textos e documentos non pode ser un fin en si mesmo, senón que é un medio de cara á capacitación lingüística do persoal.
- v. A participación dos SNL locais na execución do PXNLG non ten que limitarse ás medidas previstas no sector administración, como se sinala no artigo 6.º da convocatoria, pois os SNL poden e deben intervir en todos aqueles sectores e ámbitos nos que as administracións locais teñen competencias.

b) CON RESPECTO AO PERSOAL DOS SERVIZOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DAS ENTIDADES LOCAIS

- i. As prazas para o desenvolvemento do traballo en SNL deben ser ou estar para todos os efectos equiparadas ás prazas de funcionarios/as do grupo A: doutores, licenciados/as, enxeñeiros/as, arquitectos/as ou equivalentes. Na orde da convocatoria non se fai ningunha referencia ao tipo de contrato nin ao grupo ao que debe pertencer a praza.
- ii. É fundamental que os postos de traballo dos SNL teñan unha denominación axeitada, para o que se propón, en xeral, a de técnico/a de normalización lingüística. Na orde da convocatoria non se lles dá aos postos de traballo ningunha denominación.
- iii. Segundo o artigo 4.º da orde, os SNL "deberán contar, cando menos, cun especialista en lingua galega: licenciado en filoloxía galego-portuguesa, en filoloxía galega ou en filoloxía hispánica (sección galego-portugués)". Desde a CTNL consideramos que non hai ningunha titulación específica relacionada directamente co traballo en normalización lingüística, polo que o requisito para a creación de novos SNL debería ser estar en posesión do título de licenciado/a universitario/a ou equivalente, sen limitar ese título a unha licenciatura concreta e esixindo a avaliación dos coñecementos e capacidades específicas para o desenvolvemento das funcións concretas do SNL, pois ningunha titulación garante todos os coñecementos e capacidades necesarias.
- iv. Cómpre ter en conta que hai varios SNL locais no país que non contan con persoal licenciado en Filoloxía Galego-Portuguesa, en Filoloxía Galega ou en Filoloxía Hispánica (Sección Galego-Portugués) e que levan anos desenvolvendo un importante labor de normalización lingüística. Algúns destes SNL contan con persoal licenciado noutras especialidades ou con especialistas en lingua galega sen licenciatura. A orde de subvencións non pode deixar fóra da convocatoria o mantemento do persoal destes servizos, sempre que desenvolvan en exclusiva as funcións propias dun SNL. Xa que logo, desde a CTNL propoñemos que para a creación de novos SNL o requisito do persoal sexa unha licenciatura (sen estar limitada unicamente a unha concreta) cunha avaliación acaída dos coñecementos e capacidades necesarias para desenvolver as funcións, mais para o mantemento dos SNL xa existentes deben terse en conta esas especificidades, sobre todo cando as convocatorias de anos anteriores establecían a posibilidade de que os SNL puidesen contar cun "mestre co diploma de especialista en lingua galega ou co diploma do curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega".

c) CON RESPECTO Á POSICIÓN DOS SNL

- i. Para que desde os SNL se poidan desenvolver con efectividade as tarefas concretas, é fundamental que este estea inserido no organigrama da propia administración no lugar máis acaído atendendo ao principio de transversalidade. Isto é, o SNL debe estar no organigrama naquel lugar no que poida intervir con maior efectividade en todos os ámbitos, e/ou dependendo da estrutura política que teña maiores competencias para intervir transversalmente. Proponse, polo tanto, que na orde da convocatoria se estableza que os SNL locais dependan dunha concellaría específica de Política Lingüística con carácter transversal, da Alcaldía ou, de non poder ser así, dunha concellaría con competencias en Política Lingüística compartida con outras materias de carácter transversal, co fin de poder intervir en todos os ámbitos.

**Polo que, solicito**

- Que se teñan en conta todas as propostas que neste escrito achegamos para a Orde do 14 de maio pola que se regula a concesión de subvencións ás entidades locais para a normalización da lingua galega.
- Que conten coa axuda e asesoramento da CTNL para o que consideren oportuno.

\* Achegaráselle copia deste escrito á secretaria xeral de Política Lingüística e á directora xeral de Administración Local.

*ANEXO: Recomendacións e mínimos que deben cumprir as convocatorias de postos de traballo para os servizos lingüísticos das administracións públicas galegas.*

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2007